

O CB Nigrán pecha o seu campus deportivo nun acto de clausura no Pavillón de Panxón.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Venres, 24 Xullo 2015 18:28



O alcalde de Nigrán Juan González e a tenente alcalde e concelleira de economía Raquel Giráldez clausuraron hoxe no pavillón de deportes de Panxón o campus deportivo que o CB Nigrán organizou en colaboración co Concello.

No acto de clausura, á que tamén asistiu o presidente do CB Nigrán Pablo Vilas, fíxose entrega a todos os nenos e nenas dun diploma acreditativo e un obsequio para os profesionais que responsables das diferentes actividades do campus. Cinco días en horario de 10 a 14 horas nos que se desenvolveron diferentes actividades deportivas e diferentes talleres dirixidas por profesionais expertos en diferentes campos, adestradores superiores, licenciados en INEF, médicos , profesores e coordinadores de tempo libre .

A directora deportiva do CB Nigrán Nuria Domínguez destaca que a asistencia de nenos e nenas ao campus “foi un rotundo éxito e que as prazas cubríronse cun 90% de nenos de fóra do club, un aspecto de gran importancia para os organizadores do campus que se marcaban como un dos obxectivos dar a coñecer o club e a súa filosofía de traballo”.

O eixe central do campamento foi a actividade de baloncesto pero desde o club entenden que é fundamental ensinar aos nenos outras actividades fundamentais na súa aprendizaxe, por iso é polo que o programa conste de actividades moi diversas.

Todos os días practicouse baloncesto , con canastras e material adaptado para o grupo "babys" aportado polo club, pero demais os nenos gozaron de multideporte: balonmán, béisbol, rugby, tenis, pádel, hockey, voley, etc...; participaron en actividades de tempo libre onde

O CB Nigrán pecha o seu campus deportivo nun acto de clausura no Pavillón de Panxón.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Venres, 24 Xullo 2015 18:28

desenvolveron varios talleres: confección de pulseras, creación de libretas de auga, talleres de maquillaxe e realizaron experimentos dentro do taller "CIENCIA DIVERTIDA".

Contaron coa colaboración de dous técnicos de urxencia sanitaria que impartiron clases de Primeiros Auxilios básicos , Reanimación cardiopulmonar (RCP) e vendaxes funcionais e de inmovilización, “un tema que para o club resulta fundamental” .